



Ramiro Rodríguez Suárez, Concelleiro e Portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no concello de Xinzo de Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** ao respecto da **folga de traballadores da Mancomunidade de Concellos da Limia**, para o seu debate e aprobación, se procede.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado día 12 de agosto estamos a padecer unha folga dos traballadores da Mancomunidade de Concellos da Limia manifestada fundamentalmente no servizo de recollida do lixo e que está a ter especial incidencia no rural. Mesmo se nos anuncia que o paro, que debería rematar o 31 deste mes, podería prolongarse outros 20 días, agravando aínda máis unha situación que xa a día de hoxe é preocupante e que unicamente prexudica aos viciños.

Neste sentido, este Portavoz, tendo en conta que o noso concello é o de maior peso dentro do ente mancomunado considera que tamén debería ser o que tivera o maior protagonismo á hora de tentar solucionar este conflito.

Por todo isto, sométese á consideración do Pleno da Corporación, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1. Reclamar do presidente da Mancomunidade os máximos esforzos para poñerlle fin inmediata ao conflito mediante a apertura dunha mesa de negociación cos representantes dos traballadores.
2. Solicitar que, como consecuencia dun eventual acordo froito destas conversas ou previamente como xesto de boa vontade, ámbalas dúas partes retiren tódalas denuncias formuladas diante dos xulgados.
3. Emplazar a todos, dirixentes políticos e traballadores, a que senten as bases para que no futuro non se repitan situacións como a que estamos a padecer.
- ~~4. Adoptar, dentro dos órganos de xestión da Mancomunidade, as medidas e mecanismos necesarios para depurar as responsabilidades políticas ás que poidera haber lugar.~~

En Xinzo de Limia, a 25 de agosto do 2005

Este punto foi retirado do acordo final para favorecer o consenso de tódolos grupos municipais.

Asdo: Ramiro Rodríguez Suárez
Concelleiro-Portavoz BNG